

Por fin temos nas mans a última novela de Dolores Redondo, *Ofrenda á tormenta*, a última entrega da *Triloxía do Baztán* que a tantos nos tiña agardando e que se publicou simultaneamente en galego, catalán, castelán e éuscaro.

Dolores Redondo Meira é unha escritora donostiarra que con dous libros, *O gardián invisible* (1ª entrega) e *Legado nos ósos* (2ª entrega), conseguiu cativar a máis de 400.000 lectores. Este éxito denominado xa como fenómeno editorial non arrastra só polas páxinas do crime, senón que se converteu tamén nun evento turístico grazas a aqueles que deben por ver in situ os lugares nos que se desenvolve a acción e xa está para comezar a rodarse a versión cinematográfica.

Á hora de falarmos desta *Ofrenda á tormenta*, cómpre sinalar en primeiro lugar que ofrece unha lectura que pode ser independente e illada das novelas anteriores na que se pode gozar da obra sen a necesidade de posuír as claves dos outros volumes

porque neste é onde imos descubrir a orixe de todo. Trátase dunha historia contada de xeito lineal por un narrador omnisciente en terceira persoa e que se estrutura a través dunha engrenaxe en capítulos curtos que conseguen man-

*A autora consegue inserir o mundo mitolóxico na trama narrativa*

ter a intriga do lector e cando cres que a historia xa é túa, vén a autora e dá un xiro argumental e logo outro máis que te manteñen presa da historia páxina a páxina. Sen medo a caer en spoiler, podemos adiantar que comeza cun dos inicios máis potentes que lemos nos últimos tempos, onde en tan só dúas páxinas maxistrais asistimos ao asasinato dunha nena de meses mentres dorme placidamente no seu berce.

Algunha crítica considera que a orixinalidade de Dolores Redondo reside na forma en que insire o mundo mitolóxico na trama narrativa como se fose real, neste caso a través

do Inguema (o que te mata mentres dormes). E abofé que o fai e moi ben, mais para os galegos dende o Cunqueiro d'Os outros feirantes ata o máis recente *Vento e Chuvia* de Manuel Gago esa fronteira entre

# Traxedia en feminino

Nunha agonizante e líquida atmosfera

PILAR PONTE



tiu. A de Donostia consegue moi ben que percibamos o que está aí e non se ve grazas á súa habelencia na creación dunha atmosfera escura, agonizante e líquida. Isto lévanos a falar do Val do Baztán marco e á vez protagonista de toda a triloxía.

Ademais da paisaxe existe outro fío que atravesas todas as historias, Amaia Salazar, a súa protagonista. Ela é a muller das mulleres, nun uni-

verso fundamentalmente feminino, a inspectora foral convértese na condutora dos nosos pasos. Con ela atravesamos diferentes traxedias, dunha banda as das asasinadas, e doutra a súa propia que arrastra dende nena e que talvez explique a súa falta de paixón. Redondo non

crea unha investigadora modelo senón que por veces a leva a aparecer antipática diante do lector caracterizándoa como alguén real coas súas debilidades e contradicións. A autora xa adiantou que, se ben a triloxía xa está rematada, é posible que volvamos a atoparnos con Amaia Salazar ou ante a creación dun spin-off que dea conta dalgúns liñas argumentais que quedaron pendentes.

Por último debemos falar do tradutor, o inesgotable Ramón Nicolás, que nesta ocasión non

só non traizoa o texto senón que o enriquece especialmente nos diálogos, como o demostra o feito de que o seu bo labor xa se estea a ver recoñecido coa nominación como finalista ao Premio Lois Tobío á tradución 2014, para o cal lle desexamos dende aquí a mellor das sortes.

REDONDO, Dolores, *Ofrenda á tormenta*, Ed. Xerais, Vigo, 2014, PVP.23 €